

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO NO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024)*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro alumnos/as**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os postos cubriranse cos candidatos máis votados.
2. Son electores todos os alumnos/as matriculados/as no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios de administración. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar do 30 de outubro ao 6 de novembro de 2024 ás 14:00 horas, mediante formulario normalizado dispoñible na administración e na páxina web do centro. Dito formulario poderá entregarse de forma presencial ou mediante envío ao correo electrónico do centro: ies.adormideras@edu.xunta.gal
4. A mesa electoral está integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e dous/dúas alumnos/as designados/as por sorteo, actuando como secretario/a o/a alumno/a de menor idade. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público o día 7 de novembro ás 11:20 horas. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 8 ao 15 de novembro de 2024, ambos días inclusive.
6. **As votacións realizaranse o día 18 de novembro, de 12:00 a 14:00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 11:55 horas.**





7. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **tres** nomes da lista de candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegable (non por correo).
8. Poderán actuar como supervisores da votación os/as alumnos/as que sexan avalados pola sinatura de dez electores.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, a 30 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral
Jose Manuel Tallos Caldeiro

